



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

REGULAMENTO II ANDAINA VÍNDEMO VER CONCELLO DE CARNOTA

- O prazo de inscrición pecha o mércores 16 de abril ás 15:30 ou no momento que se complete 330 prazas.
- Polo feito de inscribirse, acéptanse voluntariamente as condicións e declárase estar na condición física axeitada para participar na proba, eximindo de calquera responsabilidade á organización en tódolos casos.
- Os/as menores de idade deberá ir acompañados obrigatoriamente dunha persoa adulta, que se faga responsable.
- O/a participante deberá ser responsable de respectar tanto o camiño coma a contorna e as normas de circulación na estrada.
- Na Casa do Concello habilitarase un punto de control, dende as 9:00 h.
- Todos os participantes deberán presentarse no punto de control para confirmar a súa asistencia á proba, antes de dirixirse ao punto de inicio.
- O traslado ao punto de inicio da andaina realizarase en autobuses, dende a Casa do Concello. Ningún participante poderá subir ao autobús sen antes pasar polo punto de control.
- Os autobuses irán saíndo a medida que se completen as súas respectivas prazas e realizarán as viaxes necesarias ata trasladar ao total de participantes.
- A andaina comezarase por quendas a medida que os autobuses deixen os diferentes grupos no punto de inicio



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

- Todos os grupos irán acompañados por representantes da organización, aos que poderán recorrer en caso de que o necesiten. Así mesmo, a organización pon a disposición de todas as persoas participantes o seguinte teléfono para emerxencias: 617444740.
- As persoas participantes deberán respectar as indicacións da organización. Non está permitido adiantar á persoa da organización que abra a andaina nin quedar detrás da persoa da organización que a peche.
- Todos os membros da organización irán identificados cun chaleco, que será de diferente cor para os encargados de abrir e pechar a andaina, co obxecto de que sexan perfectamente identificables.
- A organización non se fai responsable daquelas persoas que participen na andaina sen realizar a inscrición previa e sen presentarse no punto de control. Tampouco se fará responsable das persoas que, durante a andaina, se desvíen do percorrido marcado.
- O percorrido desta andaina estará sinalizado con cintas de cor amarela. Calquera outra sinalización que poida aparecer no percorrido non debe ser tida en conta polos participantes.
- Ao finalizar a andaina haberá un servizo de duchas no pavillón de Carnota.
- A organización non se fai responsable dos obxectos perdidos durante a duración de todo o evento.
- Coa inscrición concédese autorización para a publicación de imaxes nas páxinas webs e perfís en redes sociais da titularidade do Concello de Carnota.
- A organización resérvase o dereito de poder variar a data do



**CONCELLO DE
CARNOTA**

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A

evento, no suposto de que exista posibilidade de que
circunstancias especiais, como alertas meteorolóxicas, etc, poidan
poñer en risco a seguridade dos/das participantes.